LINGUAS DESATADAS

[*Tongues Untied*, Marlon Riggs, 1989, EE UU, 55’]

Idioma **Inglés**
Guión **Joseph Beam, Craig Harris, Reginald Jackson, Steve Langley, Alan Miller, Donald Woods**
Montaxe **Marlon Riggs**
Fotografía **Vivian Kleiman, Marlon Riggs**
Música **Alex Langford, Steve Langley, Marlon Riggs**
Son **Marlon Riggs**
Elenco **Essex Hemphill, Kerrigan Black, Blackberri, Bernard Branner, Gerald Davis, Kenneth R. Dixson, Larry Duckette, Gideon Ferebee, Brian Freeman, Gene Garth**
Produción **Signifyin’ Works**
Distribución **Festival de Cine Africano-FCAT**

Aínda que censurado pola propia televisión pública para a que fora producido, *Linguas desatadas* é hoxe un fito na representación das complexidades que atravesa a experiencia homosexual da diáspora africana. O seu director, Marlon Riggs, entretece a súa propia biografía neste revolucionario vídeo-ensaio e somete a cultura estadounidense a unha dupla crítica antinormativa: desenmascarando, por unha banda, o racismo imperante no interior da comunidade gay, e denunciando ao tempo o sexismo e a homofobia presentes en boa parte do nacionalismo negro.

Cunha narrativa formidable que remestura material de arquivo, utiliza clips musicais e poemas de Essex Hemphill e dos membros do colectivo Other Countries, entre outros, Riggs constrúe unha obra política de enunciación colectiva dunha magnitude impresionante que gañou o Premio Teddy do Festival de Berlín en 1990.

www.facebook.com/cineclubepontevedra · cineclubepontevedra.blogspot.com.es
twitter.com/CineclubePo · instagram.com/cineclubepontevedra

CINECLUBE PONTEVEDRA

CONCELLO DE PONTEVEDRA · cine nómada · FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA · AGADIC · XUNTA DE GALICIA

FLOP CINEMA #2020
30.5.2020 | PRAZA DA PEDREIRA

LINGUAS DESATADAS

[*Tongues Untied*,
Marlon Riggs, 1989, 55’]

CINECLUBE PONTEVEDRA

ESCOITANDO O LATEXO DO CORAZÓN
FRAGMENTOS DUNHA ENTREVISTA A MARLON RIGGS

En certa maneira, toda a poesía que viña dos homes homosexuais negros inspirou *Linguas desatadas*. Uns dous anos antes de que comezase a facela, un bo número de voces empezaron a expresarse nun estilo moi elocuente e dun xeito moi distinto ao que se podería ter agardado. Contra o ano 1985-86, o principal medio de expresión para os homes gays negros e a súa identidade era a poesía, usando todo tipo de formas e maneiras de expresarse. Vin aparecer antoloxías de voces gays negras unha detrás da outra, tanto en poesía como en historias curtas ou ensaios experimentais. Todo iso parecía un material interesante para un documental. Concibín un vídeo sobre poetas, en concreto sobre un obradoiro de poesía para homosexuais negros en Nova York, The Other Countries Workshop. O colectivo Other Countries xúntase e len os uns para os outros e logo levan a cabo unha caste de autocrítica: do grupo, do seu traballo. Moitos dos membros son escritores debutantes tentando chegar a publicar; outros teñen moita experiencia e escriben moito material. Estaba fascinado por esta especie de apoio colectivo en torno á poesía como forma de expresión. *Linguas desatadas* comezou querendo facer algo cos poetas. O que esa xente estaba a dicir era extremadamente cativador.

Como podía facer que a cinta fose igualmente cativadora visual, formal e estruturalmente? Funme decantando pouco a pouco por un documental non lineal, non tradicional. Despois dun tempo mesmo abandonei a palabra «documental», buscando a miña propia maneira de personificar e expresarme en vídeo para representar estas voces, as súas visións e as súas palabras. Nunca sentira unha gran afinidade coa poesía antes disto. O único poeta que lembro desfrutar foi Walt Whitman, que descubrín na universidade. Na miña casa non se lía poesía e non lembro tela lido ou usado como forma de expresión. Pero lendo eses poemas, como os de Essex Hemphill, vin o que faltaba. Moito do que a nosa cultura considera poesía clásica non ten nada que ver coa miña vida, nin directa nin indirectamente. A poesía clásica trata dunha cultura diferente, unha cultura opresiva e alienante, polo menos en relación coa miña propia. Atopar unha poesía que falaba directamente da miña propia experiencia, para variar, foi moi emocionante.

En *Linguas desatadas* non estaba a traballar coa historia, ou polo menos non dentro da tradición da historia académica arraigada na evidencia física. A historia en *Linguas desatada*s ten máis que ver coa forma de contextualizar ou entender unha cultura. E úsoa como unha especie de defensa, situando os homosexuais negros dentro do contexto histórico de loita racial neste país. Estou tamén traballando coa expresión persoal, a miña e a doutros poetas. Iso foi tamén liberador. As regras que marcan como recoller os feitos de maneira precisa ou dar unha interpretación correcta da historia xa non se aplicaban. De feito, agora creo que esta forma de expresión é tamén verdadeira á hora de transmitir a historia (aínda que nesa altura non o cría). En *Linguas desatadas* estaba tratando coa maneira en que, nas nosas vidas, se entrelazan verdade, ficción, fantasía, feito, historia e mitoloxía para conformar o noso carácter, psicoloxía, valores e crenzas. Cambiar a miña idea sobre a historia tradicional foi parte da miña evolución. Antes consideraba historia e mitoloxía, feito e ficción, como cousas totalmente separadas. Agora penso diferente sobre a maneira en que esas cuestións nos conforman e traballan dentro de nós para facer o que somos como individuos e como cultura, grupo, raza e nacionalidade. Sen esas limitacións podía non só expresar un contido totalmente diferente, senón que tiña espazo para xogar coa forma. Francamente, con *Linguas desatadas*, se os heterosexuais brancos non entendían as razóns polas que os negros estaban anoxados e consideran que esta era unha obra militante, que así sexa. Non vou perder o tempo tratando de xustificarme ante xente para a que esta experiencia é totalmente allea. *Linguas desatadas* é unha afirmación dos sentimentos e experiencias dos homosexuais negros, feita para eles por un home homosexual negro, ou mellor por unha serie deles, xa que na cinta hai un bo número de voces distintas. Se outros o entenden, perfecto, pero estar seguro de que todo o mundo o entendía non estaba dentro das miñas preocupacións iniciais.

Deliberadamente quixen tomar formas culturais que forman parte da comunidade afroamericana, que son respectadas e amadas, que de certo xeito son consideradas formas culturais clásicas. Podería ser a forma de bailar ou cantar, aquí é a parte do grupo de *doo-wop*. De feito, quería meter tamén rap, un grupo de rap homosexual negro, pero non fun quen de montalo. Se cadra no futuro sairá. O meu obxectivo era tomar todo iso que está consagrado na cultura tradicional, na cultura popular afroamericana, e enchela con algo un chisco diferente. Neste caso, un enfoque homosexual afroamericano. Os espectadores poden ficar a un tempo enganchados e repelidos: «Tío, ese neno sabe cantar! Está falando de homes negros que aman homes negros». Tento xogar con esas reaccións conflitivas ao longo de *Linguas desatadas*. As marchas, as protestas de dereitos civís intercaladas coas de homosexuais negros manifestándose en marchas polos dereitos homosexuais, a canción de amor de *doo-wop* de contido homosexual. Todo ese tipo de cousas, como o chascar de dedos, as rimas e os ritmos do rap. Estamos a falar de algo que está na expresión dos afroamericanos homosexuais. Todo o tempo estou a traballar con formas tradicionais, alterándoas, e se cadra facendo cousas anovadoras ao imbuílas dun novo contido.

Fragmentos dunha entrevista realizada por Chuck Kleinhans en Oakland en novembro de 1989, despois da estrea de *Linguas desatadas* no American Film Institute Video Festival. Pasada a forma escrita por Julia Lesage. Tradución ao galego do Cineclube de Compostela.